

Estimado/a coordinador/a da Comisión de Normalización Lingüística,

Querémosche comunicar que, coa intención de organizar a programación das actividades das comisións de normalización dos centros da Universidade da Coruña, o Servizo de Normalización Lingüística abre un prazo até o **martes 15 de febreiro** para recibir a través do correo electrónico (snl@udc.es ou snlfe@udc.es) todas as propostas que pensades desenvolver ao longo deste ano 2011. Para realizardes as vosas propostas, que serán avaliadas na Comisión de Seguimento do Plano de normalización lingüística, debedes ter en conta que a contía das axudas que ofrecerá o SNL non excederá os 3000 euros por centro (só en casos especiais e debidamente xustificadas poderá aprobarse unha cantidade superior). Para cumprir cos obxectivos establecidos no Plano de normalización lingüística, teranse especialmente en conta de cara á súa avaliación todas aquelas campañas e accións orientadas directamente a promover a extensión de ámbitos de uso da lingua galega. Queremos facervos notar tamén que se valorará de xeito especial a continuidade daquelas actividades xa levadas a cabo en anos anteriores (cursos, xornadas e seminarios, convocatorias de premios etc.).

Todas as actividades deberán estar realizadas antes do **30 de outubro** do presente ano 2011. Ademais, as súas bases e convocatorias deberán ser previamente revisadas polo SNL, que as difundirá a través da súa páxina web (<http://www.udc.es/snl>) e daqueles espazos que xulgar acaídos.

Tamén é importante lembrares que, xunto coa solicitude de axuda e a memoria descritiva da actividade que se quere desenvolver, deberás achegar unha copia do acordo adoptado na sesión da comisión correspondente, onde figure a relación de membros que tomaron a decisión.

Para realizar as actividades é unha condición indispensable dispor dun orzamento previo antes de publicar a convocatoria. A comisión, dependendo dos recursos económicos de que dispuxer o centro, optará por un dos seguintes procedementos:

- a) Utilizar o orzamento do centro para realizar as actividades. Neste caso o Servizo fará posteriormente unha transferencia á partida orzamentaria do centro tras rematar a actividade.
- b) Preparar a convocatoria e remitírnola ao Servizo para que este a publique e a tramite directamente desde aquí. Neste caso, deberá comunicárnolo con 20 días de antelación.

Un cordial saúdo

Goretti Sanmartín Rei, directora do Servizo de Normalización Lingüística